

## Asesorías na Consellaría, CAFI e CFR

**Cambios importantes no baremo ao xuntar nunha única convocatoria as prazas de persoal asesor na Consellaría coas praza no CAFI e nos CFR**

### **A falta de transparencia como sinal de identidade da Consellaría**

Cal é a situación actual nas asesorías na Xunta? As prazas que ofertan son vacantes por rematar os 6 anos en comisión ou por outro motivo? Que número total de docentes están en postos de persoal asesor, no CAFI ou nos diferentes CFR? Hai prazas que quedaran vacantes do curso pasado que agora non se ofertan? Hai prazas que se cubriron “a dedo” sen pasar por convocatoria pública? Neste caso, ofértanse esas prazas nesta convocatoria?

Preguntas tan sinxelas non terían sentido se a Consellaría actuase con transparencia e entregase na Mesa Sectorial unha **listaxe de todas as prazas de asesorías, cubertas e vacantes**, e a forma en que estas están cubertas.

A Consellaría afirma que nos achegará unha relación actualizada de todas os postos de asesoría actualmente cubertas. Tamén responde que as vacantes que saen son as que quedaron desertas o curso pasado máis as que remataron os seis anos.

### **Cambios relevantes: desaparece a entrevista e muda o baremo**

Logo de insistir durante moitos anos na **necesidade de eliminar a entrevista** para estas prazas, a Consellaría eliminouna da convocatoria. O cambio será máis formal que efectivo xa que na práctica foi excepcional o seu uso. A CIG-Enseño considera moi positiva esta rectificación mais non por iso deixamos de ter claro que a alta discrecionalidade nesta convocatoria (cun valoración do proxecto que condiciona dun xeito moi determinante o resultado) e, sobre todo, cunha comisión de selección que carece por completo do carácter técnico que a CIG demanda.

A Consellaría optou por unificar nunha única convocatoria o que habitualmente se publicaba en dúas (persoal asesor da Consellaría e CAFI e CFR). Isto leva a un cambio importante no baremo que afecta ás prazas de persoal asesor ao se adaptar, con lixeiros cambios, ao baremo que viña sendo habitual para prazas de CAFI e CFR.

A idea de unificar baremos que, na práctica, son para prazas semellantes é positiva. O feito de que haxa unha única convocatoria e non dúas, tamén. Así o expuxo o sindicato na reunión, lamentando que non se deran outros pasos que o sindicato propuxo e segue a propor.

## Propostas da CIG-Ensino

- ★ Partindo da preferencia que debe ter o actual funcionariado de carreira, consideramos que se debe indicar que poderá participar o **profesorado en prácticas**, vinculado a que sexa nomeado de carreira. Non se entende o requisito de ter polo menos un ano como persoal funcionario na función pública docente se non poden ir os de prácticas.
- ★ Entendemos que a limitación de corpos en postos de carácter transversal debe eliminarse, quedando abertas a todos os corpos. Hai **postos onde os corpos aparecen con restricións difíciles de entender**: non vemos motivos para que docentes de ensinanza de réxime especial (EOI, ensinanza artística) non poidan participar nas prazas da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- ★ Pola contra, hai algúns postos que teñen un **perfil pechado** que non entendemos. **A Consellaría deu explicacións sobre algunhas prazas e quedou de revisar outras nas que non puido xustificar.**
- ★ Entendemos que no posto 8 (**asesoría de estatística e novas tecnoloxías**), na que figura a especialidade de Informática, debe aparecer tamén a de Sistemas e Aplicacións Informáticas. **Quedaron de revisalo.**
- ★ Hai algúns erros que deben corrixir. Nalgúns casos figura o código de cátedras de secundaria e noutro non cando se a praza é para PES (590) tamén debe incluír cátedras (511) O código de Economía aparece mal na praza 8.
- ★ Para a **asesoría de linguas estranxeiras** indicábase o ano pasado que había que ter un B2 (medida que nos pareceu contraditoria coa boa iniciativa de abril a todas as especialidades de idiomas estranxeiros). Agora dise que o

coñecemento será “especialmente da lingua inglesa ou francesa, e preferencia con nivel C1 acreditado). Non estamos de acordo: ou se crea unha asesoría específica para o idioma estranxeiro de oferta maioritaria e outra para os demais ou sempre estarán estes últimos en desvantaxe.

- ★ Solicitamos que se cren **postos relacionados coa normalización lingüística nos diferentes CFR**. Os datos actuais sobre uso e dominio do noso idioma ofrecen un panorama moi preocupante e un posto destas características podería servir para dinamizar e coordinar actuacións transversais de promoción da nosa lingua nos centros
- ★ **Renovación**: esta non pode depender dun proceso de avaliación do que non se fixan ningúns criterios na convocatoria. O lóxico é que designe unha comisión e que nela teñan representación os sindicatos, tendo coñecemento das razóns da non renovación, no caso de que haxa avaliación negativa e que a persoa afectada teña posibilidade de reclamar.
- ★ **Requisitos e contidos dos proxectos**. A fusión das dúas convocatorias anteriores provoca que se omita unha das melloras introducidas no caso do CAFI e o CFR: un anexo máis completo sobre os contidos do proxecto e uns criterios máis claros como aparecían na última convocatoria de CAFI e CFR. Seguimos tendo todas as reservas sobre o carácter eliminatorio do proxecto (hai que obter 3 puntos de 6), especialmente polo composición da comisión e a experiencia de todos estes anos. O proxecto debe presentarse en galego.

## Comisión e Subcomisión

---

Consideramos que debe existir unha única comisión na que estean presentes persoas con experiencia nas áreas de asesoría convocadas. Non estamos de acordo co papel que se reserva ás subdireccións e xefaturas de servizos na comisión e que a existencia dunha subcomisión técnica dependa da vontade dos cargos da administración educativa. Os sindicatos con representación na mesa sectorial debemos ser convocados ás reunións da subcomisión, algo que se recolle noutras convocatorias e non nesta (artigo 9.2).

## Evitar as designacións a dedo con posterioridade á adxudicación de prazas.

---

A Consellaría, no caso de que existan persoas que opten por unha praza e non a acaden, debe ter en conta esas persoas para posíbeis coberturas de vacantes en caso de que queden desertas ou se produzan baixas ou renuncias unha vez comezado o curso. En ningún caso se debe admitir a arbitrariedade de designar a dedo a persoas que nin sequera se presentaron.

## Baremo

---

Na fusión dos dous baremos preexistentes (asesorías na Consellaría, CAFI e CFR) a Consellaría optou por este último, introducindo algún cambios. O resultado final é positivo xa que o baremo das prazas de persoal asesor era peor.

A Consellaría explicou que a intención que teñen é camiñar cara un único baremo simplificado que se empregue para todas as convocatorias, procurando “reducir ao máximo a subxectividade”.

Para a CIG-Ensino a proposta da Consellaría é positiva mais non deixa de manter contradicións. Por un lado defende un baremo

o máis obxectivo posíbel mais por outro da prioridade a determinados méritos que non teñen nada a ver cos postos que se ofertan (funcións de xestión educativa).

Desde o sindicato amosamos a nosa disposición a negociar un baremo no sentido do que propón a Consellaría de cara a unificar todas as convocatorias e demandamos que se negocie con moita antelación. **A Consellaría comprométese a traer á Mesa unha proposta unificada de baremo.**

Desde o sindicato, agardando a esa negociación, non queremos deixar de indicar varias cuestións:

- ★ **Formación:** debe diferenciarse a formación xeral da específica relacionado co posto sempre e cando a Consellaría sexa quen de fixar unha relación obxectiva de toda a formación que ten homologada para ser recoñecida nos diferentes postos.
- ★ O apartado 4 de **experiencia na xestión educativa** debería estar adaptado ao posto que se solicita. Por exemplo, ten sentido puntuar a dirección dun CFR para optar a unha praza de asesoría de bibliotecas? Ten sentido primar formar parte da Inspección para unha asesoría STEM-dixital?
- ★ O **criterio de desempate** non debe ser o proposto pola Consellaría (4-xestión, 1-antigüidade, 5-servizos no posto. Sendo conscientes de que é moi difícil que se dea esta situación non deixamos de deixar constancia da nosa proposta: 1-antigüidade, 3-formación. **A Consellaría acepta a nosa proposta.**